

## Opinións recollidas no [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. A historia de Conta Saldada é unha historia cunha base irreal e uns acontecementos poucos cribles, desenvolto nun marco de espazo e tempo reais. Xa dende o principio deixa bastante clara a súa irrealidade, pois comeza coa aparición do pai e o descubrimento de que o seu suposto suicidio foi en verdade un asasinato. Tralo descubrimento, Catuxa, a filla da vítima, que se nos presenta como unha rapaza de boa clase, responsable, seria e estable, comeza a investigar coa "axuda" do seu suposto irmán, un rapaz de clase media-baixa, maleducado, irresponsable e pouco agradable. Catuxa obsesiónase con ... A verdade é que o libro decepcionoume, porque esperaba máis de Suso de Toro e non soamente unha rapaza que fai un amago de tolear e ten un comportamento que intenta ser algo macabro. Creo que non lle sacou suficiente partido, que todo está como feito a medias. Non é que non me gustara, porque houbo momentos nos que estivo ben, entretido, pero a maior parte do tempo deixa bastante que desexar. Lese ben, rápido e fácil. É un libro que rematas de lelo e o esqueces, deixa indiferente. **(Raquel)**

2. É un libro que me gustou e á vez non, xa que ó principio pensei que sería un bo libro pero a medida que os feitos foron desenvolvéndose a historia converteuse un tanto ficticia e pouco crible. O libro está situado nun contexto literario ambientado nun espazo e tempo reais, xa que esta novela conta con numerosas nomeacións de lugares. Posúe un léxico bastante coloquial, polo tanto doado de ler. Mais isto non ten que ver cara á hora de entender o libro, xa que eu penso que é aínda un pouco complicado o inciso que fai o autor no protagonista comparándoa con Hamlet. O argumento do libro trata sobre unha rapaza duns 16 anos, moi sensata e de boas notas no instituto, sociable e con modais. Mais a isto únéselle a morte do ... A historia é entretida pero un tanto absurda. Non o recomendo se queres ler un libro porque che apetece pero si, se non tes moito tempo para lelo como un libro voluntario. **(Sara)**

3. Trátase dun libro no que unha rapaza decide vingar ... e para iso, coa axuda do seu "irmán" comeza a busca dos responsábeis ao tempo que vai evolucionando a súa forma de ser ata converterse nunha persoa distinta. Nun final inesperado. Este é o terceiro libro que lín do famoso escritor Suso de Toro. O primeiro foi "A sombra cazadora" e o segundo "Ambulancia". En comparación con estes dous o libro decepcionoume. A verdade, tendo en conta o bo argumento de "A sombra cazadora" e o ben ambientada que está, cunhas descrições fabulosas ao igual que as do libro *Ambulancia*, este relato pareceume moi pobre tanto no contido coma no xeito de narrar a historia. Esperábame outra clase de relato máis escuro coma os outros dous, que se desenvolvían en ambientes urbanos e marxinais. En cambio este desenvólvese en lugares non descritos, ou no coche, ou nunha rúa que non se describe, ou nun piso baleiro pero sen ambiente lúgubre, ou no campo. Dende o comezo non convence a aparición ... Por outra banda tampouco encaixa a actitude pouco normal de Catuxa, que se sente "atacada" polos homes cara aos que ten un gran odio (en especial os que a chaman "neniña"). A historia do medio irmán e do cheque contribúen a quitarlle realismo ao libro, deixándoo nun intermedio entra fantasía e realidade. A miña opinión é que o autor non soubo ou non quixo darlle á obra o ambiente sinistro que tan ben lle acaía. Debido á falta deste ambiente, a loucura asasina de Catuxa tampouco se entende ao igual que os seus xogos macabros coa caveira e os delirios shakesperianos da rapaza. Tampouco a facilidade que ten Xermán para conseguir unha escopeta recortada, coma se vivise no Bronx. Todos estes son soamente exemplos que non me gustaron deste relato. Penso que o autor podería ter tratado doutro xeito a historia, enfocándoa de forma distinta porque non é unha mala trama. Polo demais o libro reflicte moi ben o cambio de Catuxa que motivada polas circunstancias que a rodean, decide ser valente e enfrontarse aos .. aínda que para iso teña que incumplir moitas leis. Ademais, os dous protagonistas, Xermán e Catuxa, pasan de non aguantarse a levarse ben porque teñen que apoiarse o un ao outro para que o seu plan saia ben. Ao final os dous rapaces, ... En resumo, é un libro cunha historia interesante pero que nalgúns aspectos non acabou de gustarme. **(R. Javier)**

4. Ao meu parecer, o libro non é irrealista nin realista. Suso de Toro quere que o lector escolla a historia desde un punto real ou un punto imaxinario. Se un non cre na aparición de pantasmas vaino considerar fantástico e ao revés sucederá o contrario. Tamén podemos relacionar a aparición do seu pai cun "trastorno psicolóxico" que durante o relato podemos apreciar. Chegados a este punto, o autor convídanos a reflexionar sobre a actitude que unha persoa pode chegar a experimentar tras a ..., quere que nos fagamos a pregunta: E se eu fora Catuxa? A rapaza desenvolve ao longo da historia o sentimento da vinganza e unha madurez que axudará a comprender a actitude de Xermán, Castiñeiras e da súa nai. A forma de cavilar da rapaza tamén "evoluciona". Empeza asumindo a ... e tras a súa ... cavila e cavila que facer. O resultado é un plan de ... un pouco ficticio e que ten moitos cabos sen enlazar. Polo demais, Suso de Toro é capaz de describir as situacións dunha forma extraordinaria: amizade, a facilidade para conseguir unha arma (por desgraza na sociedade pódese conseguir con relativa facilidade), a xente sen escrúpulos, unha sociedade capitalista onde se superpón o diñeiro ao demais, etc. En resumidas contas, o libro gustoume moito (ao igual que os demais de Suso de Toro) pero que podía mellorar cambiando o principio por un inicio máis real que poda assimilar todo o mundo á vida actual. **(Adrián)**

5. *Conta Saldada* é o terceiro libro que leo de Suso de Toro, persoalmente non é un escritor que me apaixone, pero aínda así este libro resultoume bastante ameno e fácil de ler. Unha das cousas que creo que lle cambiaría é o comezo da obra, xa que me pareceu demasiado irreal incluso surrealista, iso de que o ... se apareza na pantalla dun ordenador. Penso que a esencia da obra é moi boa pero eu enfocaría de forma máis realista, e penso que os acontecementos íanse precipitando moito uns detrás doutros. O argumento da obra trata dunha adolescente chamada Catuxa que descobre ... Catuxa, influída pola obra de Hamlet, decide vingar ... coa axuda do seu suposto irmanastro, Xermán. En conclusión creo que eu recomendaría este libro, xa que a pesar do que mencionei anteriormente, fíxome reflexionar e meterme de cheo no papel da protagonista. **(Noela)**

6. Este libro de Suso de Toro non resultou ser a novela intrigante que eu me esperaba. Realmente decepcionoume. Aínda que o autor parte dunha historia moi real (Catuxa, unha rapaza de dezasete anos que se enfrenta ...), segundo avanzaba o libro facíase máis enrevesado e perdía a súa credibilidade, xa que non é doado de crer, en primeiro lugar, que unha rapaza poida manter unha conversación co ..., e en segundo lugar que pretenda vingar ... Penso que dalgún modo o autor pretende mostrarnos unha Catuxa louca ó facer esa especie de paralelismo da súa situación con Hamlet, que ás veces facíame crer que o libro se trataba dunha mestura entre intriga, ficción e comedia. Por outra banda, teño que dicir que o libro é moi doado de ler, xa que non é moi extenso e aínda que o autor planea unha historia sen moito sentido, logra en case todo momento manter certa intriga que fai que te enganches a ler. Aínda así comparado con outros libros de Suso de Toro, como o libro de relatos curtos "Polaroid" debo dicir que me gusta máis como escribe relatos, xa que neles si conseguía manter unha intriga e ao final na maior parte deles resultaba impactante non como no caso de "Conta saldada" onde o final é un tanto absurdo e irreal e deixa cuestións sen aclarar por completo, como a incógnita sobre ... De todas formas é un libro que aconsellaría ós meus compañeiros xa que resulta moi doado de ler e ten un vocabulario moi sinxelo. **(Rosario)**

7. *Conta saldada* é unha novela de Suso de Toro. Anteriormente xa lera algúns libros de Suso de Toro como *A sombra cazadora*, *Ambulancia* e *Polaroid* e non me gustaran moito sobre todo pola forma de narrar que ten, mais os argumentos sempre son sinxelos. Como dicía, comecei o libro pensando que non me ía gustar, pero equivoqueime, a verdade é que é moi entretido e fácil de ler, ademais de curto. A novela conta como vive Catuxa a ... Estando na xestería do seu pai, este fala con ela ... polo que Catuxa decide ir buscar ao seu ... o irmán para vingar a ... Gustoume a personaxe de Xermán. Catuxa vai cambiando de personalidade aumentando a conduta violenta e tola querendo vingar o ..., mentres que Xermán se mostra máis racional pensando as cousas sen se deixar levar pola ira. A pesar diso remata ... O que menos me gustou foi a aparición ... no ordenador xa que a historia deixa de ser real en canto sucede isto. Polo xeral, gústanme máis as historias reais. En conclusión, o libro é moi fácil de ler e ten un vocabulario moi sinxelo. A trama é sinxela de seguir polo que o recomendo ler a calquera. **(Sara)**

8. Este libro é o segundo que leo de Suso de Toro e a verdade é que esperaba máis. Trátase de una historia ficticia que se desenvolve nun marco real. Trata sobre unha rapaza, Catuxa, á que se lle aparece o fantasma.. Tamén lle di que ten un ... A partir de aquí a protagonista comeza a planear con seu irmán (...) a vinganza ... Para iso fan unha serie de cousas nas que a protagonista parece unha tola. Collen un coche sen permiso de conducir, levando consigo un coitelo e unha corda. Ao final ... É un libro sinxelo e fácil de ler. **(Luís)**

9. Baixo o meu punto de vista, "Conta Saldada" é un libro bastante interesante aínda que un pouco ficticio. Tamén teño que dicir o seu favor que é bastante doado de ler, xa que non emprega un vocabulario difícil. O que menos me gustou foi o principio do libro, xa que a aparición ... na pantalla do ordenador afástase por completo da realidade. O libro, pouco a pouco, váiseme facendo máis intrigante, xa que aparecen armas o que me leva a ler o libro canto antes para saber o que sucede o final. En conclusión, recomendo este libro a todos os meus compañeiros, non só porque é fácil e curto, senón porque seguro que pasan un bo rato léndoo. **(Edgar)**

10. "Conta Saldada" é un libro de Suso de Toro. É unha historia real pero cun toque de ficción ó comezo da historia, aínda que se o lector cre en sucesos paranormais pode pensar que a historia é totalmente real. A historia comeza coa morte d..., Oficialmente trátase dun suicidio, pero ... Durante o transcurso da historia pódese ver tamén como cambia a forma de ser da protagonista despois d..., e como vai cambiando a relación co seu irmán. O libro gustoume porque é doado de ler xa que o autor usa unha linguaxe coloquial e é unha historia bastante entretida. **(Nahir)**

11. Suso de Toro é o autor da novela "Conta Saldada". Este reflicte nos seus relatos a realidade que nos rodea, aínda que neste especialmente non tivera moita credibilidade, posto que a aparición do pai ... non ten moito sentido. A argumentación do relato baséase nunha rapaza chamada Catuxa, a cal descobre mediante unha aparición ... Esta pide axuda ao seu irmanastro, Xermán, para vingarse das persoas que causaron ... Concluindo, o libro pareceume moi interesante e entretido, pois o modo da linguaxe era bastante doada de ler e iso facilita a lectura e a comprensión. **(Teresa)**

12. "Conta Saldada" é unha historia bastante irreal debido aos acontecementos que suceden ao longo de toda a trama. Desde que comeza o conto, vese dunha forma moi clara que a historia que vai a suceder será totalmente irreal xa que o mero feito de que ... parece algo difícil de crer. Desde este último feito a rapaza empeza a obsesionarse co ... e a querer vingar a ... Coa axuda do seu ... irmán, os dous rapaces lánzanse á aventura ... O final da historia sucede moi rápido e é bastante peculiar debido a que os dous protagonistas ... A miña opinión sobre o libro é que aburre bastante ao lector sobre todo ao principio e que o máis importante que é o final transcorre nunhas cantas páxinas o que fai que quedes algo abraiado e sen entendelo moi ben. Gustáronme outros libros de Suso de Toro pero este en concreto defraudoume bastante e pensei que sería moito máis entretido e a súa lectura máis versátil, algo que non sucedeu ao longo de todo a historia. **(Pablo)**

13. Conta Saldada é unha novela curta que xoga ó longo de toda a historia coa realidade e a ficción, é dicir, a base da historia está mesturada á vez con feitos surrealistas, como por exemplo, que unha adolescente colla un coche non tendo o carné de conducir e teña en mente matar a ... Pero o tema principal da historia é moi interesante, porque pouco a pouco van aparecendo novos datos que aportan intriga e que envolven a historia nunha trama que parece que non dá acabado pero que ten un final .... É un libro cun vocabulario moi accesible e fácil de ler. Recomendoo, é unha lectura moi amena coa que pasar un bo rato. **(Aldara)**

14. *Conta Saldada* é unha novela curta que dá ao que a le unha grande dose de intriga misterio e acción. É a historia de Catuxa, unha rapaza á que ... É unha novela un tanto macabra, polas mortes e todo iso, pero na miña opinión bastante entretida e fácil de ler. É unha novela dunha linguaxe sinxela e curta, e que ademais ten un argumento bastante concentrado, o que fai que a súa lectura se faga apaixonante e tamén fai que te mordas as unllas, sobre todo polo final tan inesperado. En fin, unha novela que vos recomendo xa que non vos decepcionará. **(Joaquín)**

15. O libro "Conta saldada" de Suso de Toro foi un deses libros que, aínda que me gustan, non son todo o que eu espero. Non me gustan moito os libros de fantasía e a historia de Catuxa, unha nena que podería ser calquera de nós, pasa a ser algo fantástica cando se lle aparece ... Por outra parte, o comportamento da rapaza, ao meu parecer, deixa moito que desexar xa que é moi precipitado todo. Morre ..., ve o ..., coñece a un misterioso irmán que ..., van a por un home que non saben nin quen é, e iso todo en menos de quince días. De todos os modos, este libro foime moi fácil de ler, o seu vocabulario é sinxelo e é bastante ameno. Aínda que houbo momentos nos que me pareceron absurdas moitas cousas, recoméndollo aos meus compañeiros, en especial a aqueles que, ao revés ca min, lles gusten máis este tipo de historias. **(Paula)**

16. Esta obra intrigante de Suso de Toro resultoume bastante sorprendente xa que, polo xeral, non é un autor que me faga realmente gozar da lectura porque non me gusta moito o seu estilo ou forma de escribir. Polo contrario, "Conta saldada" pareceume unha lectura levadeira que me fixo ir tirando do fío até descubrir un desenlace que non me imaxinaba desa maneira. Por outra banda, tamén atopei cousas negativas, principalmente no final, porque me gustaría saber cousas como que faría Xermán. Ademais, aínda que a novela estea baseada nun feito ficticio, creo que despois de ter matado a alguén, non lle quedaron moitos remorsos aparentemente. A pesar de todo e polo xeral, como xa dixen, é unha obra doada e que rematei moito antes do que tiña pensado. **(Sandra)**

17. "Conta saldada" é unha novela que xunta feitos irrealistas cunha historia que ten un argumento bastante verosímil. A pesar do feito fantástico de que se lle aparecese ..., é unha historia que aínda que non é un dos libros que máis me gustase estivo ben xa que te enganxa desde o principio, o que fai a súa lectura levadeira e non ten ningunha dificultade para a súa comprensión, o que a converte tamén nunha novela bastante amena. Gustoume a valentía que demostrou Catuxa, que ía ata as máximas consecuencias por vingar ..., pero houbo certos elementos demasiado ficticios como conducir un coche sen carné durante un traxecto bastante longo. Aínda así coido que é un libro bastante bo, non pola historia xa senón polos personaxes, xa que podería dicirse que son "modelos" da sociedade actual: o pai dono dunha xestería que branquea diñeiro, a nai de Xermán engana ..., o modo de ser de Xermán polo ambiente social e familiar no que vive... En resumo, unha novela que aínda que é media ficticia, esa parte de fantasía concorda moi ben coa parte de realidade que ten. **(Tamara)**

18. "Conta saldada" achéganos unha historia de misterio e suspense onde o tema central é a vinganza. A protagonista é Catuxa, quen quedara ... A novela transcorre cos preparativos do plan de vinganza e varios sucesos que desencadean o desenlace final. Gustoume a forma que ten o autor de introducir unha pantasma na trama, sen que resulte chocante. Sorprendéronme varias situacións da narración, como por exemplo que a protagonista mercase un coitelo con tanta tranquilidade, que collese o coche do pai sen problema ningún, que o seu "irmán" conseguise unha escopeta tan rápido... Este é un libro moi entretido e tárdase moi pouco en lelo. En conxunto agradoume moito. (...)

19. Ao comezo da lectura quizais atopase o libro un tanto aburrido. Cheo de expresións que parecían postas polo autor tentado parecer un relato feito por unha persoa máis nova, pero que só conseguían facerme perder o interese e preguntarme polo valor literario real da novela... Se recoñezo que ao principio pareceume tal, non minto, pero tampouco minto se digo que a primeira impresión enganoume claramente. Pronto conseguín, a medida que seguía o fio dos acontecementos, introducirme no personaxe da protagonista, e aínda que non compartía moitas das súas formas de actuar ante moitas das situacións planeadas, foime moi doado comprender o por qué das súas reaccións (algo que valoro moi positivamente nun relato). Rematei tendo unha visión e unha opinión do libro moi diferente da inicial, agrádome o final (se cadra un pouco convencional) aínda que o recomendaría para un curso máis baixo. **(Xulia)**

20. O Libro de "conta saldada" gustoume bastante, aínda que a historia sexa un tanto incoherente, e se converta máis adiante nunha historia pouco crible. Este non é o primeiro libro que leo de Suso de Toro. Con outro que lin, *Como Ambulancia*, pasárame o mesmo, convertíase nunha historia pouco real a medida que avanzaba o relato. Aínda que este polo seu comezo, creo que nos deixa bastante claro que tratará dunha historia imaxinaria, xa que eu, persoalmente, non creo nas aparicións. Aínda así, non creo que lle sobre nada, xa que dende o principio xa comeza con intriga, e deseguido presenta un desenlace. Gústame o papel que fai Catuxa, e mais a relación que vai collendo co seu suposto irmán. Non cambiaría moitas cousas entre eles. Non teño moito mais que dicir deste libro, só que non cambiaría o final, paréceme o adecuado. E se tes ganas de ler un libro, non o recomendo, é unha historia algo entretida, pero a vez é tamén ilóxica. **(Carla)**

21. A verdade é que esperaba outra cousa do libro. Xa lin varios de Suso de Toro e este foi o que máis me chamou a atención, porque é o que máis se afasta do seu estilo. "Conta Saldada" trata dunha historia, na que unha rapaza chamada Catuxa, descobre que a ... A partir disto, todo o libro transcorrerá nunha aventura, na que Catuxa, axudada polo seu ... irmán (Xermán), intentará por todos medios atopar ... En xeral gustoume bastante, tendo en conta que é unha historia subrealista. É un libro interesante e bastante fácil de ler. **(Brandán)**

22. *Conta saldada* achéganos unha historia de vinganza sobre todo e feitos bastante irrealis. No comezo da historia queda xa claro que non é un relato verosímil xa que á protagonista Catuxa aparecésele ... A historia enganosa bastante, a verdade é non custa nada lela porque a medida que avanzas na súa lectura quedas con ganas de saber o que vai ocorrer a continuación e por iso segues a ler. Pódese apreciar o cambio de Catuxa, unha nena de boa familia estudiosa. . . que ao final acaba feita unha "macarra" en contraposición co .... irmán que ao final parece que ten mais sentido ca ela. Eu recomendo esta obra para ler xa que o misterio presente en todo o relato é moi atraente. **(J.Ramón)**

23. O libro "Conta Saldada" narra unha historia na que unha rapaza chamada Catuxa decide vingar ... Para isto acode na busca dun irmán que ... por medio dun ordenador (cousa que ao meu parecer é demasiado inverosímil). No seu obxectivo Catuxa vai cambiando de carácter, deixa de ser esa rapaza inocente para converterse nunha persoa sen escrúpulos, capaz de todo con tal de ... Grazas a axuda do seu irmán, dunha pistola e do coche que tiña do seu pai ... Pola miña parte non me quedo con nada en limpo do libro pero teño que aceptar que nalgúns momentos, como cando van en busca da casa do Cabuxo, mantívome intrigada. Por outro lado creo que se ben a historia trata un feito e se desenvolve nun tempo e nun espazo real ten unha gran dose de surrealismo. De todas maneiras é moi fácil de ler. **(Candelaria)**

24. "Conta saldada" é, na miña opinión, un libro bastante entretido. Creo que o que o fai tan entretido é a facilidade coa que se le. Conta a historia de Catuxa nos días despois da ... Catuxa descubre que o ... Aparte disto, descobre outras cousas as cales se van afirmando ou desmentindo a medida que a obra transcorre. Conta coa participación doutro personaxe, chamado Xermán, o cal é o seu ... Por todo isto, eu recomendo esta obra a calquera xa que é moi doada de ler e, aínda que o comezo pareza un pouco frouxo cada vez faise máis interesante. **(Julio)**

25. É unha novela fascinante e moi interesante, na que se conta unha historia baseada na acción, e que tamén incorpora elementos fantásticos e misteriosos. No libro, preséntanos dous personaxes que pertencen a dous ambientes sociais diferentes, polo que teñen unha visión da vida moi diferente, e por iso nun primeiro momento ningún dos dous se sente a gusto co outro e teñen visións distorsionadas sobre a personalidade do outro. Gustoume moito Catuxa: pola súa virtude, pola súa valentía en enfrontar aos malos e vingar ...; que incluso tivo máis valor que un rapaz. Pero non me gustou a súa forma de solucionar ..., na miña é máis razoable que entregue ... á policía en vez de ...; aínda que o fixo por ... **(ShuQing Yang)**

26. "Conta saldada" é un libro que non deixa indiferente ao lector. A min pareceume unha obra demasiado irreal, pero o sorprendente final cambiou a miña opinión sobre ela. A historia comeza coa aparición ... Os protagonistas evólven ao longo da obra. Catuxa padece unha trauma psíquica trala morte do seu pai e experimenta situacións que nunca imaxinara, comeza a mentir con moita frecuencia, afástase dos seus amigos e elabora un plan para vingar ... digno do

asasino máis perigoso do mundo. No que respecta a Xermán, a pesar de semellar un mozo maleducado e que non respecta aos demais, finalmente mostra ... En conclusión, este libro gustoume bastante e recomendarei a súa lectura a outras persoas. **(Jorge)**

27. "Conta Saldada" é un libro de Suso de Toro, xa teño lido outro máis de este autor e a historia seméllase nalgúns puntos. En xeral é un libro ficticio onde ocorren cousas realmente ilóxicas. Catuxa ... Despois disto Catuxa busca o seu ... Nesta historia pódese observar como vai cambiando a súa forma de ser Catuxa, xa que despois de .. e explicarlle todo empeza a facer cousas que parecen non ter lóxica, e compárase con Hamlet (ata chega a comprar o libro e a caveira). Persoalmente penso que é un libro bastante fácil de ler e pódese acabar rapidamente, sen embargo non é un libro que me entusiasma. **(Pedro)**

28. "Conta Saldada" é un libro que trata sobre a vinganza de Catuxa contra os que ... e que o soubo debido a que ... se lle apareceu, aínda que o resto da xente pensaba que ... É unha historia entretida, fácil de ler e que ademais usa vocabulario coloquial polo que resulta a lectura máis fácil, pero hai algunhas cousas que non teñen lóxica como a aparición .. Nesta historia destaca moito a figura de Hamlet xa que Catuxa pensa que ela é Hamlet e que ten que vingarse ... En conclusión é unha historia fácil de ler e entretida **(María de Jesús)**

29. Este libro gustoume bastante, aínda que non me sentín identificado coa forma de pensar da protagonista, xa que era unha rapaza, pero si que me gustou a historia, que mestura elementos imaxinarios, como a aparición do ... na pantalla do ordenador, con espazos, situacións e feitos reais. O libro é fácil de ler e mantente prendido del ata o final, xa que tamén conta con certo toque de intriga, porque Catuxa non descobre ... En definitiva un libro que recomendo ler xa que é fácil, non moi longo e bastante entretido. **(Julián)**